



O regadío é unha práctica agrícola consistente en **achegar aos cultivos auga adicional** á proporcionada polas precipitacións, procedente de **recursos superficiais ou subterráneos**.

Para iso, empréganse **diversas técnicas**:

- A **rega por gravidade obtén a auga de canles e canalizacións**, por onde circula por gravidade, é dicir, utilizando a diferenza de altura do terreo. A auga cobre toda a superficie cultivada.
- A **rega por aspersión** conduce a auga por canalizacións a alta presión **ata os mecanismos de aspersión** e proxéctaa sobre o solo a xeito de **chuvia artificial**. Ese sistema **pode ser fixo ou móbil**, ou desprazarse de forma autónoma (rega automotriz).
- A **rega por goteo** conduce a **auga a cada planta** a través de tubos con orificios, **achegándolle tamén os nutrientes e os produtos fitosanitarios**.

- Os **regadíos intensivos**, ao aire libre ou en invernadoiros, permiten **varias colleitas anuais**. Destacando polo seu interese económico as extratemperás e as temperás. Dedícanse a **froitas e hortalizas ou a cultivos tropicais**
- Os **regadíos extensivos proporcionan unha soa colleita** na mesma época que a dos secaños veciños. Dedícanse aos **mesmos cultivos, pero cun rendemento moi superior**, e aos cultivos industriais e forraxeiros,

As vantaxes do regadío son numerosas.

- **Económicas**: a **producción estabilízase** ao non depender dos ciclos de seca, **diversifícase e incrementase**; ademais, elévanse as rendas dos agricultores e do país, dado o valor dos produtos de regadío nas exportacións.
- **Sociais**: mellora o nivel de vida, ao aumentar a demanda e a dotación de servizos.
- **Demográficas**: contribúe a **fixar a poboación**, ao crear emprego directo nas tarefas agrarias e indirecto nas industrias transformadoras e os servizos asociados á rega, rompendo a emigración de moitas bisbarras e mesmo atraendo inmigrantes
- **Territoriais**: colabora a un maior equilibrio territorial.
- **Culturais**: mellora a preparación técnica e profesional dos traballadores.

- **Ambientais: diversifica os ecosistemas e as paisaxes e mantén un valioso patrimonio histórica e cultural** (canles, noras, coñecementos, vocabulario e institucións como os tribunais de regantes (institucións xurídicas medievais de xestión da auga).

Os **problemas do regadío son:**

- o **gasto excesivo de auga** por algúns sistemas ineficientes;
- o **conflito polo uso da auga** coa demanda urbana, industrial e turística;
- a **alteración ambiental**, relacionada coa erosión do solo pola auga;
- a **contaminación difusa** do solo e da auga polos fertilizantes disoltos;
- a **alteración da paisaxe polas infraestruturas** de rega e as estruturas de plástico dos invernadoiros

A **actual política de regadíos** deriva das **esixencias da UE** e da necesidade de **adaptarse ao cambio climático** que reducirá a dispoñibilidade de auga. Pretende **mellorar a eficiencia** da rega:

- uso de sistemas menos consumidores,
- sensibilización dos regantes,
- prezos que promovan o aforro,
- construción de balsas de almacenamento,
- uso de auga desalinizada rexenerada,
- automatización para axustar o tempo e a cantidade de auga e de fertilizantes.

Tamén **se propón:**

- incrementar a eficiencia enerxética das instalacións e o uso de fontes renovables.
- Mellorar as condicións socioeconómicas das zonas regadas.
- Conservar os valores naturais, paisaxísticos e culturais asociados á rega.

A **superficie regada aumentou** no século XX grazas á realización de **grandes obras estatais** (encoros, canles, transvasamentos).

A Xunta Consultiva Agronómica cifraba en **1918 o regadío nacional en 1.366.000 ha**; cifra que desde entón non deixou de aumentar, ao tempo que se incorporaban novos cultivos e se implantaban sistemas de regadío máis eficientes.

En 2018, e segundo o *Anuario de Estadística* do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a **superficie regada nacional ocupa 3.797.000 ha**, na súa maioría con augas superficiais. Unha extensión que supón **multiplicar por 2,8 a cifra de 1918**, e que representa na actualidade o 22,6% da superficie cultivada.

Na actualidade a **política de regadíos oríentase a mellorar ou modernizar os existentes**. Así, mentres en 1918 a inmensa maioría do regadío nacional utilizaba o sistema por gravidade, na actualidade non chega ao 27%; e aínda que destaca a rega por aspersión, estase a incrementar a opción máis selectiva e ecolóxica, a rega por goteo.

A **distribución do regadío mostra claros contrastes**.

- É **escaso no norte peninsular** húmido
- **Concéntrase na área de clima mediterráneo, de precipitacións pouco abundantes e irregulares**, onde se diferencian **dúas zonas**
  - No **litoral mediterráneo predomina o regadío intensivo** que se beneficia das temperaturas suaves, a protección do relevo, a existencia de solos apropiados e a demanda internacional. Destacan as **provincias entre Tarragona e Murcia**, ambas incluídas.
  - No **interior peninsular predomina o regadío extensivo**, grazas á auga achegada polos grandes ríos; a mecanización total que permiten os seus cultivos; e a demanda de **cereais-penso e de cultivos industriais**. Non obstante, existen **regadíos intensivos nas beiras do Ebro e do Guadalquivir**.